

## A Biblioteca das Madeiras do Mundo segue medrando

O Eco Espazo de Agustín Bastón en Rodeira suma 30 exemplares á mostra de libros artísticos que abre hoxe



O artista Agustín Bastón, con exemplares do Bilblioteca das Madeiras do Mundo, en Rodeira. | // G.NÚÑEZ / G.M.P.

### Gonzalo Martínez

G.M.P.

Cangas 17 MAY 2023 – Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2023/05/17/biblioteca-das-madeiras-do-mundo-87459574.html>

“Xa somos bicentenarios!”, pregoaba estes días **Agustín Bastón** para celebrar que a Biblioteca das Madeiras do Mundo, unha iniciativa que xorde do coñecemento e o aprecio das especies arbóreas por tradición e oficio familiar, supera amplamente os 200 exemplares (acada os **214**) ao sumar 30 nos últimos 12 meses. Tal colección, ao completo, pode contemplarse desde **hoxe ao mediodía no seu taller-estudio da Avenida de Ourense, en Rodeira, e permanecerá aberto ata o 11 de xuño** en horario de **12.00 a 14.00 e de 19.00 a 21.00 horas, de luns a sábado, e os domingos só de mañá, de 11.30 a 14.00 horas, con entrada libre.**

Bastón pensou hai anos que unha boa maneira de poñer en valor a madeira e a creación artística era que cada autor escollera a que especie que lle peta e actuar sobre esa materia primeira en forma de libro, enchéndoa de contidos. Así, arte, coñecemento, ecoloxía, pensamento, poesía ou diversión florecen cada mes de maio no Eco Espazo da Madeira con algunhas obras propias e moitas alleas plasmadas sobre libros de madeira. Unha idea orixinal e, que se saiba, única para celebrar as **Letras Galegas**. Aínda que nos últimos días xa se achegaron algúns curiosos para ollar as novidades, a exposición estaba a medias e hoxe xa mostrará todos os recursos disponibles.

Entre as incorporacións figuran pezas do escultor **Armando Martínez**, en madeira dunha silveira que rodeaba un laranxeiro; da química farmacéutica **Fabiola Matos** (“Lo pedí, lo creí, lo agradecí y lo recibí”); de

**Nel Díaz Piñeiro** en madeira de ciprés da Casa Grande de Rosende, en Sober, un dos pazos máis antigos de Galicia; ou varias pezas realizadas en madeiras procedentes da finca As Arangas (Fene), que acolle máis de 2.300 especies plantadas. De *pawlonia tormentosa* está feito un libro intervindo polo deseñador gráfico **Isaac Veiga**, e de *pawlonia fast blue*, outro realizado pola mestra **Nuria Guardiola** titulado “Sermos un entre latexo e latexo”. A súa filla **Loira Fernández Guardiola** tamén fai a súa propia creación en madeira de *maceira grande da Armada*, unha árbore propia daquela parroquia que dá mazáns de máis de un kilo de peso.

### Te puede interesar

A hostaleira **Marisa Baliño** presenta “No mar da vida” sobre madeira de thuja occidentalis; o ceramista **Chity Bao** plasma o paso pola vida (“Llegar, vivir, irse”) en quercus arizonica; **Javier Ramiro** alude ao deus Anubis e ao inframundo cunha peza da especie *phitosporum termofolium*; as irmáns **Beatriz e Paz Cardoso** crean “Enredando” en madeira de *baganvilla glabra*; e sobre tamarillo amarillo decora o pintor **Rafael Freijeiro** un libro que se abre en catro follas. “Dous desexos”, de **Rosa Neutro** sobre *acacia longifolia*; creacións de **Cristina Carvajal** sobre laranxo”; de **Tomas Apostolou** sobre mirabel; a viaxe “De París a Tombuctú” do pintor e gravador **Manolo Figueiras**; de **Ruth Lodeiro**; do médico **Gerardo Trujillo** “DisTinta”); ou de **Sara Gil e María Boubeta**, nai e filla, son só unha mostra simbólica da arte que acolle a exposición que se inaugurara hoxe.